Texto de
María Victoria Moreno

**ADAPTACIÓN**
TEXTO SIMPLIFICADO

Ilustracións de
María Montes Sueiro

# A BRÉTEMA



urco
EDITORA

VILAXEADA É UNHA ALDEÍÑA PEQUENA E ALÍ VIVÍA, HAI XA MOITOS ANOS, UNHA VELLIÑA MOI VELLA, CHAMADA MINIA, QUE PASABA AS NOITES A CARÓN DO LUME.









EN CADA SOLPOR, SENTÁBA Á PORTA E DICÍANLLE OS MOZOS E AS MOZAS AO PASAREN:

—HOXE TEMOS MOITA PRÉSA, MIÑA AVOA... MAIS MAÑÁ IMOS TRAERCHE CEREIXAS FRESQUIÑAS DO CERDEIRAL.

PERO OS MOZOS ESQUECÍANSE SEMPRE DAS SÚAS PROMESAS.



OS NENOS E NENAS ERAN AÍNDA PEORES. CANTÁBANLLE AO PASAREN:

—VELAQUÍ A VELLA RABEXA
QUE XA NON PODE FIAR
PORQUE TEN AS MANS DE CERA
E OS OLLIÑOS DE CRISTAL!

AMOUCÁBASE MOITO, A COITADIÑA, E CALABA.



Amoucábase moito, a coitadiña, e calaba. De alí a pouco tiña o mantelo cheo dun orballo miúdo, dunhas pingueiras de choiva morna onde logo brillaba o sol. E o sol, co seu sorriso marelo, preguntáballe:

– Vella dos cabelos brancos,
a das bágoas no mantelo,
sempre te vexo chorando,
que che fixeron os nenos?



Ela non quería que o sol se incomodase cos nenos e ocultáballe a verdade. Dicíalle:

—EU CHORO PORQUE SON VELLA
PORQUE NON PODO FIAR
PORQUE TEÑO AS MANS DE CERA.
NON TEÑO CON QUEN FALAR.

O sol demorábase un chisco en fuxir porque quería consolala e ela, ao agarimo da súa raiola, deixábase querer.





E A DONA MINIA FOI MIRRANDO, MIRRANDO ATE QUE SE CONVERTEU NUN CHARCO DE BÁGOAS.



Foi mirrando, mirrando, até que se converteu nunha froumiña feble que tremía co aire.

E aínda choraba...

Así apareceu ao seu redor, no chan, un regatiño de vidro limpo coma a prata, e a vella -mirrando, mirrando- rematou por consumirse no charco das súas bágoas.



Aquel día o sol deitouse moito máis tarde do adoitado porque quedou dando calor a aquel cristal frío até que o converteu nunha nube donda e branca que, empurrada polo vento, seguiu o camiño do solpor.

Cando [illegible] riba de todas as casas de Vilaxeada, soamente tiña dúas [illegible] seguir cara ao mar detrás do sol.

Ela era moi amiga do sol, pero [illegible] cansa e mais sentía moito pesar en [illegible] primeira luzada do día.

**O SOL QUEDOU ATA TARDE DANDO CALOR A AQUEL CHARCO QUE SE CONVERTEU NUNHA NUBE.**
**A VELLIÑA ERA AGORA UNHA NUBE!**

Aínda non se decatara de que non tiña ollos para chorar, nin pano para limpar os ollos, nin mans para coller o pano... Mesmo o seu corazón se convertera en bágoas... Pero a coitada non estaba afeita a ser brétema e non se decataba de nada. Fíxoselle o día moi longo, moi longo...





Vía, ao lonxe, os seus veciños, e amuábase porque a miraban coas caras abraiadas, porque falaban moito,

porque facían acenos moi estraños... A vella quixo falar para dicirlles:

**A VELLA NA NUBE VÍA, AO LONXE, OS SEUS VECIÑOS PERO NON PODÍA FALAR CON ELES.**

veciña de Vilaxeada,

que, por estar esquecida,

todas as noites choraba.



Mais non atopou a súa boca e non puido dicir nada. Soamente sentiu que un airiño morno a atravesaba toda. Daquela desenganouse de ser brétema e dixo para si:

– Cando chegue o solpor hei chorar aínda máis ca os outros días, para que se apiade de min. Hei dicirlle que quero ser Minia Senín e non esta cousa estraña que nin sequera pode falar coa xente.



# E CHEGOU O SOLPOR E MINIA QUIXO CHORAR.

E chegou o solpor [illegible] e non atopou os ollos... Soamente sentiu unha friaxe de auga que a traspasaba toda.



E o solpor chiscoulle o ollo desde o horizonte como querendo dicirlle:

– Miña avoa, aínda mañá hei vir bicarte nas meixelas.

E o solpor fuxiu cara ao mar, e a vella quedou moi angustiada.







Pasou así moitos días, quediña na Peneda, silandeira, soa...

**O VENTO DÍXOLLE QUE A VECIÑANZA ANDABA NA SÚA PROCURA.**

Soubo polo vento que a veciñanza andaba á súa procura, que os mozos e mozas lle gardaban cestiñas de cereixas, que os nenos querían darlle un bico, cada noite, antes de iren para a cama... E a coitada devecía por volver á aldea. Pero non podía dicilo, nin podía chorar...

E alí estaba, quediña e murcha, coma un paxaro engaiolado.



Un día contoulle o vento unha cousa moi simpática. Díxolle:

– Alí abaixo andan todos a rifar... Uns din que es unha pomba

—ABAIXO, OS VECIÑOS ANDAN TODOS A RIFAR... UNS DIN QUE TE CONVERTECHES NUNHA POMBA E OUTROS QUE TE DISFRAZACHES DUN FATO DE OVELLAS BRANCAS.

A Minia Senín veulle o riso. Pero decatouse axiña de que tampuco podía rir. Soamente sentiu un aloumiño de vento que lle facía cóxegas arredor.





# O DE SER BRÉTEMA NON ERA BOA COUSA

E rematou poñéndose moito máis triste... O de ser brétema, certamente, non era boa cousa... E o vento, libre e falador, comprendeuno. Díxolle a Minia Senín:

falo nas noites coa xente,

e levo a choiva ás aldeas

cando as veigas teñen sede.



E a velliña abraiada, paraba mentres nestas verbas... Ela quería ser coma o vento, mais non podía responderlle. Mirrando, mirrando, chegou a parecer un lenzo gris.

O sol pasaba ao seu lado, dáballe colores de flores cando a bicaba e non reparaba nunca no seu pesar. Despois chiscáballe o ollo desde o horizonte como querendo dicirlle:

– Miña avoa, aínda mañá hei vir bicarte nas meixelas– e fuxía cara ao mar.



A vella non sabía que facer coa súa angustia e non imaxinaba que o vento, cavilando, cavilando, remataría por atopar unha solución. Díxolle un día o vento:

**O VENTO, CAVILANDO, CAVILANDO, REMATOU POR ATOPAR A SOLUCIÓN Á SÚA TRISTURA:**

E como o vento sabía que Minia Senín non podería darlle resposta, coidou que sería mellor non demorarse agardándoa. Por iso a apuxou da Peneda cun golpe suaviño.





SOPROU A NUBE DA VELLIÑA E LEVOUNA ATÉ VILAXEADA E DEIXOUNA DEITADA NOS BICOS DAS ÁRBORES.



E, como a xente que traballa a terra entende moi ben a voz do vento, soubo que dicía:

– Xa volveu Minia Senín
da súa casa da Peneda,
mais non ten onde durmir
e está deitada nas veigas.



**OS VECIÑOS SAÍRON ÁS VENTÁS PARA SAUDAR A VELLIÑA, CONVERTIDA EN BRÉTEMA.**

Saíron ás fiestras para saudala e descubriron que a aldea toda estaba envolta nunha nube branca, baixiña, morna... Descubriron tamén que as flores se aledaran, que medraran as espigas, que suavizara o tempo... E non daban creto ao que vían.

Decatáronse axiña de que a brétema non era coma as nubes, que están feitas coa auga do mar, que non son amigas das persoas e viven sempre moi altas polo ceo. A brétema, en troques, camiña preto da terra e pousa nas ás dos paxariños ou nos cabelos dos nenos. As nubes levan lóstregos e tronos.

A brétema só leva fragancias de terra vizosa. As nubes fan doiras e estragan colleitas. A brétema fai sorrir as flores e amorna o tempo. Por iso en Viaxeada queren moi ben a brétema e a brétema quere moi ben os labregos.









**POR ISO, EN VILAXEADA QUEREN MOI BEN A BRÉTEMA E A BRÉTEMA QUERE MOI BEN OS LABREGOS.**



Na aldea de Vilaxeada vive a señora Minia Senín, unha entrañábel velliña que devece polos aloumiños e agarimo das persoas que viven ao seu carón.

A señora Minia está tan triste que non pode parar de chorar, mais axudada polo seu amigo o sol, a súa sorte vai mudar.

Urco editora recupera esta fermosa obra escrita por María Victoria Moreno, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.



9 788416 121939